


# REGULAMENTO ELECTORAL

Para a elección a membros da  
Asemblea Xeral, Presidente e Comisión  
Delegada da Federación Galega de  
Hípica

Vigo, a 23 de setembro de 2014



## Artigo 1. Obxecto da normativa

En aplicación do disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que mantene a vigencia, en lo que se opone a ésta, de la Orde do 8 de setembro de 2010, publicada no DOG número 174 do xoves, 9 de setembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas, confeccionase a presente normativa que regula o proceso de elección dos órganos de goberno, Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada, da Federación Hípica Galega, con representatividade durante o período 2014 ata o 2018.

## Artigo 2. Celebración de eleccións

A Federación Galega de Hípica procederá á elección da súa Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada no ano 2014. O calendario electoral deberá respetar os prazos sinalados neste regulamento e de conformidade co previsto no artigo 7º.3 da nomeada Orde incluírase na convocatoria de eleccións. Haberá uns modelos oficiais de sobres e papeletas para o exercicio do dereito de sufraxio e que tamén formarán parte dos datos que necesariamente debe conter a convocatoria de eleccións. Establécese como horario de apertura ao público da sede federativa o seguinte: de luns a venres de 9:00 a 15:00 horas.

## Artigo 3. Regulamento electoral provisional e definitivo

Unha vez aprobado o regulamento electoral por parte da Asemblea Xeral da Federación Galega de Hípica será remitido á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, que resolverá, no prazo máximo de 10 días hábiles dende a entrada do documento no seu rexistro, sobre a aprobación do mesmo ou a súa devolución para a corrección de posibles deficiencias.

Transcorridos estes sen que recaía resolución algunha entenderase aprobado o regulamento. No caso de ser necesaria a subsanación de deficiencias, indícaranse as mesmas e se concederán dez días hábiles para proceder a dita corrección.

Na convocatoria desta Asemblea Xeral Extraordinaria incluírase na orde do día a solicitude a este órgano federativo da correspondente delegación para que no caso de que houbera que subsanar algunha deficiencia no mesmo regulamento electoral, autorice á Xunta Directiva a facer os cambios necesarios, sen necesidade dun novo sometemento á aprobación da asemblea xeral. Unha vez feitas estas modificacións, o novo regulamento presentárase á Secretaría xeral para o deporte para a súa ratificación definitiva.

Os Regulamentos publicaranse na páxina web da Federación e na da Administración Autonómica.

## Artigo 4. Censo electoral

1. O censo electoral incluírá aos deportistas, técnicos/adestradores, xuíces/árbitros, outros colectivos e entidades deportivas inscritas na federación e no Rexistro de Entidades de Galicia, que reúnan os requisitos para ser electores e elixibles, de acordo co establecido no artigo 8º do presente regulamento. Inclúranse os seguintes datos:




a) Para os/as deportistas, adestradores e xuíces/árbitros: nome, apelidos, número de licenza federativa, número do Documento nacional de identidade ou da tarxeta de residencia e domicilio a efectos de notificación. O domicilio reflectido por defecto para o estamento de deportistas será o do club ao que pertezan, ou no seu caso tamén respecto do estamento de xuíces/árbitros, o que a estos efectos indiquen a Federación. No período de reclamacións ao censo provisional poderase solicitar o cambio de domicilio.

b) Para as entidades deportivas: nome, denominación ou razón social e número de inscrición no Rexistro de Entidades de Galicia, así como o nome e apelidos do presidente e secretario. Os datos dos clubs deberán ser plenamente coincidentes cos datos contidos no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, tendo a Federación a obriga de cotexar ditos datos. No caso de discrepancias entre os datos obrantes no rexistro da federación e os obrantes no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, establecerase un prazo de 10 días para a súa subsanación.

2. O censo electoral provisional publicarase xunto coa convocatoria. A exposición pública do mesmo deberá facerse por un prazo mínimo de 10 días hábiles, dentro do cal se poderán presentar as reclamacións que se estimen oportunas ante a Xunta Electoral, resolvéndose por esta no prazo de 4 días hábiles e considerándose o silencio da xunta en sentido estimatorio da petición realizada. Dita exposición farase no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Hípica e na súa páxina web [www.fhgallega.com](http://www.fhgallega.com)
3. O censo será considerado definitivo se non se presenta reclamación algunha, ou cando de presentarse, sexa resolta pola xunta electoral ou, se é o caso, polo Comité Galego de Xustiza Deportiva. Deberán aplicarse as mesmas garantías de difusión e publicidade que as previstas no número 2 deste artigo para o censo provisional.
4. Os datos contidos no censo electoral gozarán da protección do previsto na LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En todo caso o tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por única finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio, estando prohibida a súa cesión ou utilización para unha finalidade distinta a aquela. Os candidatos proclamados poderán dispoñer do respectivo censo de persoas que compoñen o seu estamento e, no caso de candidatos á presidencia, das persoas que conforman a asemblea.

## Artigo 5. Xunta electoral

1. O mesmo día da convocatoria de eleccións, constituirase a Xunta Electoral do que se levantará a correspondente acta, e o seu domicilio será, a todos os efectos o mesmo que o da Federación Galega de Hípica.
2. A xunta electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes elixidos por sorteo na asemblea xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da xunta electoral. As candidaturas deberanse presentar na mesma asemblea na que se celebre a súa elección, podendo estar os





candidatos presentes na mesma, e debendo acreditar estes o cumprimento dos requisitos sinalados ao efecto.

Os membros da xunta deberán reunir os requisitos seguintes:

- a) Ser maior de 18 anos. Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
  - b) Non presentarse como candidato a membro da asemblea xeral.
  - c) Non ter relación contractual ou profesional coa Federación Galega de Hípica.
  - d) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que conleve sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.
3. No caso de non presentación de candidatos a membros da xunta electoral, o presidente da federación proporalle á asemblea os membros necesarios para completar a mesma, os cales deberán así mesmo reunir os requisitos definidos no apartado anterior.
4. Actuará como presidente e secretario da xunta electoral o membro de maior e menor idade, respectivamente. As decisións da xunta electoral tomaranse por maioría de votos. A asistencia á xunta electoral é obrigatoria salvo causa xustificada.

A Xunta Electoral reunirse cantas veces sexa preciso e será convocada polo Secretario de orde do Presidente ou a petición de calquera dos seus membros. Para que a Xunta se poida constituir válidamente e tomar acordos, será preciso que concorra cando menos un dos seus membros de pleno dereito. Non obstante, entenderase válidamente constituída, a todos os efectos e sen necesidade de convocatoria previa, cando estean presentes a totalidade dos seus membros e acepten por unanimidade celebrar a sesión.

5. Funcións da xunta electoral:



- a) Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.
- b) Organizar os procesos das eleccións para a asemblea xeral e presidente da federación, segundo o disposto neste regulamento electoral.
- c) Designar as mesas electorais de conformidade co previsto neste regulamento electoral.
- d) Aprobar as candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, así como o resto da documentación electoral.
- e) Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos según se estableza neste regulamento electoral.
- f) Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.
- g) Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata a súa finalización.
- h) En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas por este regulamento electoral.
- i) Os membros da Xunta Electoral percibirán unha indemnización co obxecto de sufragar os posibles gastos ocasionados.

<i>Axuda de custas de quilometraxe:</i>	<i>0.19 € , por quilómetro.</i>
<i>Axuda de custas de manutención:</i>	<i>37,40 €</i>
<i>Axuda de custas de aloxamento:</i>	<i>65,97 €</i>

#### **Artigo 6. Mesa electoral: composición e competencias.**


1. En cada circunscrición electoral constituirase unha única mesa electoral para a elección dos membros da asemblea no día fixado no calendario electoral para a celebración das votacións. O horario de apertura das mesas será o seguinte: de 09:00 a 18:00 horas. Ubicaranse nos seguintes lugares:

- Na sede da Federación Galega de Hípica: rúa fotógrafo Luis Kasado nº 17, Oficina 5, de Vigo, a mesa electoral para a elección dos representantes na asemblea dos estamentos de Clubes, Deportistas, Jueces, Técnicos e Outros Colectivos, de circunscrición única correspondente á totalidade do territorio.

As mesas electorais estarán compostas por tres membros titulares (un presidente, un secretario e un vogal) e tres suplentes destes, elixidos por sorteo pola xunta electoral entre os integrantes do censo definitivo; o devandito sorteo realizarase o primeiro día hábil seguinte ao da publicación do censo definitivo, ás 12:00 horas, na sede da propia xunta electoral. Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obrigatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola xunta electoral.

Así mesmo, para cada mesa electoral, os candidatos poden nomear interventores, entre quen desempeñe a condición de elector, que serán identificados ante a xunta electoral con antelación non inferior a 24 horas do día de celebración das respectivas votacións. A xunta electoral expedirá a correspondente acreditación.


Os interventores poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitar á mesma certificacións e formular ante ela protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde conforme aos artigos 18 e 19 deste regulamento.



2. A efectos de remisión do voto por correo, establécese como mesa para a recepción deste voto a sede da Federación Galega de Hípica.
3. Son competencias da mesa electoral:
  - a) Comprobar a identidade dos votantes.
  - b) Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.
  - c) Proceder á contaxe de votos.
  - d) Levantar acta dos votos emitidos, resultados, e calesquera outras incidencias, así como das incidencias e reclamacións se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato.
4. O acta será subscrita por todos os membros da mesa electoral, así como polos interventores, se os houber, remitíndose posteriormente á xunta electoral, que deberá garantir a súa exposición pública mediante a publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web [www.fhgallega.com](http://www.fhgallega.com)
5. Os membros das mesas electorais constituídas para a elección dos membros da asemblea xeral percibirán unha indemnización co obxecto de sufragar os posibles gastos ocasionados.

<i>Axuda de custas de quilometraxe:</i>	<i>0.19 € , por quilómetro.</i>
<i>Axuda de custas de manutención:</i>	<i>37,40 €</i>
<i>Axuda de custas de aloxamento:</i>	<i>65,97 €</i>

6. Cando proceda a elección de presidente constituirase a mesa electoral con dous membros que serán respectivamente o de maior e menor idade da asemblea. O primeiro actuará como presidente e o segundo como secretario. Así mesmo, e ata que conclúa a elección de presidente, exercerán funcións de presidente e secretario da asemblea.



## Artigo 7. Convocatoria de eleccións

1. A convocatoria das eleccións será feita polo Presidente da Federación Galega de Hípica o día 13 de outubro do 2014, conforme a este regulamento electoral, aprobado pola Secretaría xeral para o deporte.
2. Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a xunta directiva disolverase, contituíndose en comisión xestora que non poderá realizar mais que actos de mera administración e trámite.
3. A convocatoria de eleccións publicarase no taboleiro de anuncios da sede da federación así como na páxina web [www.fhgallega.com](http://www.fhgallega.com),. A notificación da convocatoria de eleccións conterá cantos datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e sinaladamente:
  - a) Regulamento electoral.
  - b) Calendario electoral con indicación do lugar, data e hora de celebración dos actos propios do proceso electoral.
  - c) Lugar de consulta dos censos electorais.



- d) Modelos oficiais de sobres e papeletas.
  - e) Composición e sede da xunta electoral da Federación.
4. Cun prazo de antelación mínimo de cinco días hábiles dende a data da convocatoria, esta haberá de ser notificada, a través de medio que permita asegurar a súa recepción, cando menos, ás entidades deportivas integrantes da desta federación e á Secretaría xeral para o deporte.

## Artigo 8. Electores e elixibles

### 1. Poderán ser electores e elixibles:

a) No caso dos estamentos constituídos por persoas físicas (deportistas, adestradores e árbitros/xuíces) os que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade á data da convocatoria das eleccións.
- Ter licenza federativa en vigor e tela tido na tempada deportiva anterior á da data de convocatoria de eleccións.
- Ter participado nun mínimo de unha competición oficial na tempada deportiva anterior.

b) No caso do estamento de entidades deportivas: aquelas entidades deportivas, que estean inscritos, no ano da convocatoria das eleccións, na federación e no Rexistro de Entidades de Galicia e teñan participado en competicións deportivas. A estes efectos e, con carácter mínimo, deberán de ter participado en catro competicións entre o ano de convocatoria das elección e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel, e necesariamente unha delas no ano da convocatoria das eleccións. Non será elixibles aquelas entidades deportivas que formen parte da asemblea na súa condición de membros natos. Aos efectos deste artigo entenderase como competición deportiva, aquela que estivera reflectida nos correspondentes calendarios oficiais aprobados pola Asemblea xeral.

c) Os membros da federación que pertenzan a dous ou mais estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito ante a xunta electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo. O criterio para identificar aos electores nun único estamento, no caso de non existir a proposta individual, será a súa inclusión no censo correspondente de acordo coa seguinte orde de prelación: 1º.- deportistas, 2º técnicos, 3º Jueces/árbitros.

## Artigo 9. Composición da Asemblea xeral

O número de membros da asemblea xeral será de 52, e a súa composición determinarase pola xunta electoral unha vez aprobados definitivamente os censos electorais de cada un dos estamentos; tendo en conta o número de membros do estamento de clubs, a xunta electoral fixará o número concreto de membros de cada estamento, segundo as porcentaxes e criterios establecidos no regulamenteo electoral. Tendo en conta o anteriormente exposto, en función do número de membros do estamento de clubs resultante, e como consecuencia deste feito poderá variar o número total de



membros da asemblea xeral. O presidente da federación desempeñará a presidencia da asemblea xeral.

Os seus membros serán elixidos cada catro anos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, salvo a singularidade prevista para o estamento de clubs, por e entre os compoñentes de cada estamento de conformidade co número e proporcións de representación que se establecen no presente regulamento.

1. Na asemblea xeral deberán estar representados todos os estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na federación e, cando menos, os clubs deportivos, os deportistas, os adestradores e os árbitros/xuíces.
2. No estamento de entidades deportivas haberá membros natos e membros electos.
3. A representación das entidades deportivas corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda. Esta representación acreditarase fidelmente mediante certificación da inscrición do Rexistro de Entidades de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade.
4. Non cabe representación das persoas físicas.
5. Ningún membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.
6. A Federación galega de Hípica axustarase, no posible, nas súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG nº 149, do 3 de agosto).

#### **Artigo 10. Proporcionalidade na composición da Asemblea xeral**


1. A porcentaxe de representación de cada estamento na asemblea xeral é:

a) Estamento de entidades deportivas:	(60%)
b) Estamento de deportistas:	(22%)
c) Estamento de técnicos/as:	(7%.)
d) Estamento de xuíces:	(10%)
e) Outros colectivos:	(1%.)

(Outros colectivos: *Jefes de Pista, Comités Organizadores, Veterinarios e Ferradores.*)

2. A representación mínima do estamento de entidades deportivas na asemblea xeral da Federación Galega de Hípica deberá ser do 50% do censo definitivo de entidades deportivas, incluíndo os membros natos.

En calquera caso todos as entidades deportivas deberán necesariamente cumprir os requisitos que para eles se establece no artigo 8 desta regulamento.





3. Os representantes dos estamentos de entidades deportivas, deportistas, adestradores, xuíces-árbitros e outros colectivos pertencen a unha circunscrición única, correspondente á totalidade do territorio galego.

4. Cando o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral.

No entanto, no caso de que nalgún estamento da asemblea houbera máis dun 20% de vacantes, unha vez terminado o proceso electoral e no prazo máximo de 3 meses, o presidente procederá á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

### **Artigo 11. Membros natos da Asemblea Xeral polo estamento de entidades deportivas**

Conforme o establecido na Orde do 8 de setembro de 2010, serán membros natos da asemblea xeral unicamente para o estamento de entidades deportivas, e polo tanto sen necesidade de someterse a votación: aqueles cinco que contan cun maior número de licenzas, así como outros cinco que teñan participado no maior número de competicións oficiais; para a determinación dos membros natos pola participación en competicións valorarase tanto o número de competicións en que se participa como o número de deportistas participantes.


Estes datos referiranse ao ano inmediatamente anterior ao da convocatoria de eleccións.

No casos de empate nalgunha das categorías anteriores, será membro nato aquela entidade deportiva que con máis méritos na outra categoría. No caso de proseguir o empate, este resolverase favorablemente para o club con máis antigüedad na súa afiliación á federación.

No caso de que unha entidade deportiva teña méritos para obter representación na asemblea por ambas categorías, a representación resultante será cuberta polas entidades deportivas candidatas á asemblea segundo o procedemento ordinario de elección no estamento de entidades deportivas.

As entidades deportivas deberán estar incluídas no censo electoral definitivo. Aquelas entidades deportivas que desexen renunciar á súa condición de membro nato deberán facelo, ante a xunta electoral, no prazo de reclamación ao censo provisional establecido neste regulamento. A xunta electoral publicará tal incidencia no taboleiro de anuncios da federación, así como na súa páxina web.

Para os efectos de publicidade e posibles recursos observarase o disposto neste regulamento electoral respecto ao censo electoral.



Conforme o anterior baremo, son membros natos da asemblea as seguintes entidades deportivas:

Por maior número de licenzas	Por maior número de actuacións
1. Club Hípico Los Porches	1. Club Hípico El Alazán
2. Club Hípico El Alazán	2. Club Hípico Cemar
3. Centro Hípico Casas Novas	3. Club Hípico Los Porches
4. Club Finca Regueiral	4. C.D. Establos Vigo
5. Centro Ecuestre Pinteño	5. Club Orense Club de Raid

#### **Artigo 12.- Candidatos a membros electos da asemblea xeral**


1. Poderá ser candidato a membro da asemblea xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo, e polo estamento e circunscrición no que estea incluída, sempre que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fehacientemente en dereito a dita solicitude, ante a xunta electoral. Para a solicitude establécese un prazo de 4 días hábiles, a contar dende a publicación do censo definitivo.
2. A presentación de candidaturas efectuarase, mediante escrito asinado polo interesado e dirixido á Xunta Electoral, e no que o candidato deberá expresar o seu nome completo e o domicilio a efectos de comunicacións – incluíndo número de fax e correo electrónico no seu caso-, o estamento ao que presenta candidatura, e ademais acompañará unha fotocopia do seu D.N.I.

Se non se indicara o domicilio e demás datos de contacto (fax, correo electrónico...) terase como válido a todos os efectos aqueles que figuren nos antecedentes da Federación Galega de Hípica.

3. Unha vez presentadas as candidaturas, a xunta electoral proclamará a lista provisional de candidatos facéndoa pública na páxina web [www.fhgallega.com](http://www.fhgallega.com). Haberá un prazo de 2 días hábiles para a presentación de posibles reclamacións ante a Xunta electoral, que disporá de idéntico prazo para resolver.

4. Unha vez resoltas as posibles reclamacións si as houbera, procederase á proclamación definitiva de candidatos.

#### **Artigo 13. Sistema de votación a membros da Asemblea xeral**



1. A votación a membros da asemblea realizarase en urnas separadas por estamentos. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario que se fixe na súa convocatoria. Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse as votacións. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste caso, a xunta electoral fixará unha data para a nova votación.

2. O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular). No caso das persoas xurídicas a representación corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda, debéndose acreditar fehacientemente a dita representación mediante certificación da inscrición do Rexistro de Entidades de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade.

3. Cada elector poderá votar a un ou a varios candidatos presentados polo seu estamento e circunscrición, sempre que non excedan do número de postos a cubrir.

Non serán válidos os votos que se emitan a favor de persoas ou entidades que non figuren como candidatos proclamados definitivamente no estamento e circunscrición de que se trate; neste caso anularanse tamén os votos contidos na mesma papeleta a favor de quen si o sexa.



Serán nulos os votos emitidos a favor dun número de candidatos superior ó de postos a cubrir.

4. Pechadas as urnas procederase pola mesa electoral ao escrutinio dos votos, que será público. Rematado o escrutinio dos votos emitidos computaranse os que foran recibidos por correo, co que se efectuará o recuento definitivo e a proclamación de resultados, dos que se dará conta inmediatamente, mediante fax ou correo electrónico, á xunta electoral.


A xunta electoral recopilará os resultados habidos en cada estamento e circunscrición, levantará acta dos mesmos e realizará a proclamación provisional dos membros da asemblea xeral que se publicará no taboleiro de anuncios da sede da Federación Galega de Hípica e na páxina web da mesma. Quedarán automaticamente proclamados como membros da asemblea xeral da Federación Galega de Hípica aqueles candidatos que obtivesen o maior número de votos, pola súa orde e ata o número de postos a cubrir por cada estamento e circunscrición. Se houberse empate entre diversos candidatos e non lle correspondese praza na asemblea a algún deles, e salvo que os interesados decidan entre sí, determinarase quen ou quenes ocuparán os postos correspondentes mediante sorteo realizado pola xunta electoral.

Rematado o prazo de reclamacións de dous días hábiles conforme ao calendario, e resoltas estas, a xunta electoral proclamará definitivamente os resultados do que deixará igualmente constancia actuarial. Os resultados definitivos publicaranse no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Hípica e na súa páxina web.

5. Se un membro electo da Asemblea perdera a condición pola que foi elexido, causará baixa automaticamente naquela, procedéndose á súa substitución da seguinte forma:




- En primeiro lugar, o sustituto será o candidato que, polo mesmo estamento e circunscrición do que cause baixa, obtivese maior número de votos de entre os que non obtiveron praza na Asemblea Xeral. Se son varios co mesmo número de votos, e de non haber acordo entre eles, procederase por sorteo.
- Se polo sistema anterior non fose posible designar sustituto, este serao por elección entre tódolos compoñentes do estamento e circunscrición de que se trate. Nestes casos poderase dilatar tal elección parcial un prazo máximo de seis meses desde que ocorrese a vacante, a efectos de poder comprender naquela outras substitucións por novas baixas que se producisen con posterioridade.
- Cando se produza calquiera baixa ou vacante, deberase dar conta da mesma, polos interesados ou polos propios órganos federativos, á Xunta Electoral, a cal actuará segundo proceda, conforme se indica no presente artigo con plenas facultades para decidir ó respecto, así como, no seu caso, para organiza-las posibles eleccións parciais, para proclama-los resultados e sustitutos elixidos.
- Non obstante, no caso de que nalgún estamento da asemblea houberse mais dun 20% de vacantes, unha vez terminado o proceso electoral e no prazo máximo de 3 meses, o presidente procecerá a convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte os xa elixidos.



#### Artigo 14. Voto por correo

1. Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da asemblea naqueles estamentos integrados por persoas físicas.
2. O exercicio do voto por correo haberá de ser solicitado polo interesado á xunta electoral, dende a data da convocatoria das eleccións ata 2 días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Esta solicitude deberá facerse persoalmente, mediante correo certificado, burofax, ou por calquera outro medio validamente admitido en dereito que deixe constancia da solicitude.
3. Recibida pola xunta electoral a solicitude referida no punto anterior, comprobará a inscrición no censo definitivo do solicitante, realizando no caso de estar inscrito a anotación correspondente no censo e extendendo un certificado de autorización do voto por correo.

O certificado ao que se refire o parágrafo anterior deberá reflectir o nome do elector, o estamento polo que se solicita o exercicio do voto, así como un espazo en branco que deberá ser asinado polo elector previamente ao envío do voto á Secretaría xeral para o deporte.



A xunta electoral deberá remitir este certificado dentro dos 2 días hábiles seguintes á proclamación definitiva dos candidatos, remitíndollo aos solicitantes por correo certificado urxente e con acuse de recibo á dirección postal sinalada polo interesado na súa solicitude. Igualmente enviaráselle unha papeleta de votación en branco e o sobre de votación oficiais, xunto coa relación definitiva de todas as candidaturas presentadas ordenadas alfabeticamente.

A listaxe de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaría xeral para o deporte, publicándose asemade na páxina web [www.fhgallega.com](http://www.fhgallega.com)

4. O elector introducirá a papeleta de voto no sobre da votación e pecharao. Incluirá este sobre de votación, xunto ao certificado emitido pola xunta electoral no que se autoriza o voto por correo, asinado polo emisor do voto e a copia do DNI, nun sobre de maior tamaño que os anteriores que remitirá á Secretaría xeral para o deporte para a súa custodia, por correo certificado urxente, consignándose no anverso e reverso do mesmo os seguintes datos:

**Anverso:**

Secretaría xeral para o deporte  
Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4  
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Eleccións á Asemblea Xeral da Federación Galega de Hípica



**Reverso:**

Nome e apelidos do remitente  
Estamento de (consignarase o correspondente)

5. A presentación dos votos nas Oficinas de Correos deberá realizarse con 6 días hábiles de antelación á data de celebración das eleccións, mediante envío por correo certificado urxente, e non serán admitidos os sobres depositados con data posterior.

A Secretaría xeral para o deporte custodiará os votos emitidos, que serán postos a disposición da mesa electoral o día da votación, xunto cunha relación nominal dos mesmos, a fin de que, con posterioridade ao peche da votación presencial os membros da mesa electoral poidan abrilos e, tras comprobar a súa regularidade, depositar cada voto na urna correspondente para incorporalo ao escrutinio.

6. Prevalecerá o voto persoal sobre o voto emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.



## Artigo 15. Presentación de candidaturas a presidente

1. No prazo de 2 días hábiles dende a proclamación definitiva de membros da Asamblea xeral, poderá presentar candidatura a presidente da federación calquera persoa física sen que teña que ser membro da asamblea xeral, que teña a condición política de galego según o establecido polo artigo 3.1. da Lei 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia, maior de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís, que non incorrese en ningunha sanción deportiva que o inhabilite e que non estea inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentenza xudicial firme. A persoa que resulte elixida como presidente terá que cesar en todo tipo de actividades técnicas e directivas no deporte específico e no ámbito territorial da federación galega correspondente. Non se poderá simultanear a presidencia dunha entidade deportiva coa presidencia da Federación na que se integre dita entidade deportiva.

Se algún membro da comisión xestora presentase a súa candidatura á presidencia, deberá cesar naquela.


O presidente saínte da federación será membro da nova asemblea xeral. Esta condición perderase nos casos de non presentar candidatura á presidencia ou, de téndoa presentado, non resultara elixido.

2. A presentación de candidaturas farase na sede oficial da federación, mediante escrito dirixido á xunta electoral. Este escrito debidamente asinado polo interesado deberá expresar o nome completo do candidato, o seu domicilio a efectos de comunicacións, outros datos de contacto (fax, correo electrónico...), no seu caso, e acompañarase de copia do seu D.N.I.

Se non se indicara o domicilio e demais datos de contacto (fax, correo electrónico...) terase como válido a todos os efectos aqueles que figuren nos antecedentes da Federación Galega de Hípica.

3. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a xunta electoral exporá a listaxe provisional de candidatos a presidente no taboleiro de anuncios da federación así como na súa páxina web [www.fhgallega.com](http://www.fhgallega.com). Pódense presentar impugnacións a esta no prazo de 2 días hábiles. As impugnacións serán resoltas pola xunta electoral o primeiro día hábil seguinte.

4. A xunta electoral publicará no día hábil seguinte ao da resolución das reclamacións, seguindo os medios reflectidos no punto anterior, a lista definitiva de candidatos á presidencia.



## Artigo 16. Elección do presidente

1. No día e hora fixados na convocatoria correspondente, constituirase a Asamblea xeral en primeira ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos da orde do día a elección a Presidente e a membros da Comisión delegada. O presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección.



2. Na votación á elección de presidente non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto. A representación dos clubs realizarase conforme o establecido no artigo 9 parágrafo quinto, non admitíndose que unha persoa ostente a representación de mais dun club.

3. Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o presidente presentará os candidatos. iniciando, de seguido, o proceso de votación.

4. No obstante, antes do inicio da votación os candidatos poderán utiliza-lo turno de palabra cada un deles por prazo non superior a quince minutos, para expoñe-lo seu programa. A orde de intervención determinarase por sorteo que se realizará "in situ" pola mesa electoral, e non se admitirán réplicas, interrupcións nin intervencións doutros membros da Asemblea. Posteriormente procederase á votación en urna para a elección do presidente, que será secreta.

5. Os electores serán chamados nominativamente pola súa orde para exercer-lo dereito de voto. Con posterioridade ao inicio da reunión poderanse incorporar os membros da asemblea que vaian acudindo, pero sólo poderán exercer o dereito de voto se aínda non rematase a votación para a elección do presidente.

6. A Xunta Electoral determinará o modelo de papeleta. Cada membro da Asemblea só poderá votar a un candidato.

7. O proceso de votación está formado por un máximo de tres votacións.

a) Na primeira votación son elixibles todos os candidatos da ~~listaxe~~ definitiva. Aqueles que obteñan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes, pasarán á seguinte votación. No suposto en que ningún candidato acade o 10% dos votos, pasarán á seguinte votación aqueles dous candidatos que contén cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa un candidato o que obteña o 10% dos votos, pasará tamén á seguinte votación o seguinte candidato en número de votos. De acadarse por algún candidato a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado Presidente.

b) Na segunda votación soamente serán elixibles aqueles que, como xa está exposto e coas excepcións contempladas, obtiveran alomenos o 10% dos votos dos membros presentes. Será elixido presidente o candidato que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.

c) c. No caso de que na votación anterior ningún candidato obteña a maioría absoluta, procederase a unha nova votación entre os dous máis votados despois de media hora, resultando elixido o que obteña maioría de votos. No caso de empate, resolverase mediante sorteo.

8. No caso de existir soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. No caso de empate procederase de seguido a unha segunda votación. Se persistise o empate procederase a unha terceira votación media hora máis tarde, e no caso de non resolverse, procederase a un sorteo para resolve-lo empate.



9. No caso de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación.

10. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a federación e convocará e realizará novas eleccións a presidente no prazo máximo de 3 meses.

11. Rematada a elección, a acta do resultado desta será remitida á xunta electoral nese mesmo día, procedendo ésta á proclamación provisional dos resultados e á súa publicación. Os resultados poderán ser impugnados no prazo de 2 días hábiles e, no seu caso, a Xunta Electoral deberá resolver o primeiro día hábil seguinte. Transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resoltos estes, a xunta electoral proclamará presidente ao candidato máis votado e comunicará os resultados á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días.

12. Unha vez proclamado definitivamente o novo presidente, a comisión xestora deberá poñer a disposición deste no prazo máximo de 5 días hábiles, contados dende a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á federación, levantando acta da documentación entregada e remitíndolle copia desta á Secretaría xeral para o deporte.

13. Tras a súa proclamación o presidente designará os demais órganos e comités de acordo cos estatutos da federación, debendo comunicarlle a súa composición á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días hábiles, dende o seu nomeamento.

### Artigo 17. Elección de membros da comisión delegada

1. A comisión delegada será elixida entre e pola asemblea xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. O seu mandato coincidirá co da asemblea xeral. Será presidida polo presidente da federación como membro nato desta.

A Comisión Delegada estará composta por 10 membros de acordo co seguinte detalle:

Entidades Deportivas	6 representantes.
Deportistas	2 representantes.
Técnico/as/as	1 representantes.
Árbitro/as, Xuíces e Xurados	1 representantes



- A representación da entidade deportiva na comisión delegada estará exercida necesariamente polo seu presidente, quen só poderá delegar, expresamente e por escrito para cada reunión nun mesmo membro.

- Todos eles elixidos por e entre os dos seus respectivos estamentos na Asemblea Xeral. Os así elixidos manterán os seus cargos na Comisión Delegada en tanto sigan sendo membros da Asemblea Xeral dentro do período do seu mandato. Non poderán delega-la súa representación.

No caso de que, unha vez elixida a Comisión Delegada, se produzan baixas ou vacantes entre os seus membros, estas substituiranse anualmente, por elección entre os grupos correspondentes.





2. As candidaturas a membros da Comisión Delegada deberán presentarse no prazo de 2 días hábiles dende a proclamación definitiva de membros da Asemblea xeral. Finalizado este prazo a Xunta Electoral exporá a listaxe provisional de candidatos á membro da Comisión Delegada no taboleiro de anuncios da federación así como na súa páxina web [www.fhgallega.com](http://www.fhgallega.com). Pódense presentar impugnacións a esta no prazo de 2 días hábiles. As impugnacións serán resoltas pola xunta electoral no primeiro día hábil seguinte.

A xunta electoral, se é o caso, publicará no día seguinte hábil a lista definitiva de candidatos a membros da Comisión Delegada da Federación.

Cada un dos membros dos catro estamentos representados na Comisión Delegada poderá votar por calquera dos membros do seu propio estamento que fosen proclamados definitivamente como candidatos, ata un número máximo equivalente ó de postos que correspondan a éste na Comisión Delegada, podendo habilita-la Xunta Electoral o correspondente sistema de papeletas normalizadas.

Os electores serán chamados nominativamente pola súa orde para exercer-lo dereito de voto. Con posterioridade ao inicio da reunión poderanse incorporar os membros da asemblea que vaian acudindo, pero sólo poderán exercer o dereito de voto se aínda non rematase a votación na que tivesen que intervir.

En todo o demáis será de aplicación o disposto para a elección dos membros da Asemblea Xeral.

3. Concluída a votación, escrutinio e proclamación provisional de resultados respecto o cargo de Presidente da Federación Galega de Hípica, a mesa electoral chamará a votar para a elección dos membros da Comisión Delegada.

Serán chamados os electores a deposita-lo seu voto, por estamentos, en alta voz e polo seu nome ou o do club que representen.

Unha vez finalizada a votación dos catro estamentos, declararase esta pechada, abríranse as urnas, e a mesa electoral procederá o recuento, proclamando en forma inmediata e provisional os resultados, e efectuando a atribución de postos entre os máis votados. Se houberse empate entre diversos candidatos e non lle correspondese praza na Comisión Delegada a algún deles, e salvo que os interesados decidan entre sí, determinarase quen ou quenes ocuparán os postos correspondentes mediante sorteo realizado pola propia mesa electoral.

De todo iso, levantarase a correspondente acta, que será asinada por todos os membros da mesa electoral e será remitida a Xunta Electoral, no mesmo día da votación.

Os resultados poderán ser impugnados no prazo de 2 días hábiles e, no seu caso a Xunta Electoral deberá resolver no primeiro día hábil seguinte. Transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resoltos estes, a xunta electoral proclamará os resultados definitivos, atribuíndo os postos da Comisión Delegada segundo resulte daqueles, e comunicará os resultados á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días.

## **Artigo 18. Recurso ante a Xunta electoral**

O coñecemento de tódolos recursos que se poidan formular na materia electoral corresponde á xunta electoral, sendo tódalas súas resolucións recorribles ante o



Comité Galego de Xustiza Deportiva. Están lexitimados para interpoñer recursos os representantes das candidaturas ou as persoas e entidades debidamente afectadas polos acordos da xunta electoral.

Os recursos ante a Xunta electoral serán presentados, personalmente ou por calquera medio que acredite fehacientemente en dereito a presentación do escrito (burofax, correo certificado, telegrama...), na sede central federativa mediante escrito dirixido ao presidente da Xunta electoral.

Os prazos para a presentación destes recursos, así como os de resolución da Xunta electoral serán de 2 días hábiles salvo nos casos nos que no presente regulamento ou na Orde do 8 de setembro de 2010 se establezan outros distintos.

### **Artigo 19. Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva**


1. Contra os acordos e resolucións das xuntas electorais procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin, as resolucións deste, á vía administrativa.

Están lexitimados para interpoñer o recurso quen fose parte na impugnación ante a xunta electoral federativa ou as persoas interesadas directamente polo seu acordo ou resolución.

2. Os prazos para formalizaren estes recursos serán de 3 días hábiles dende o seguinte ao da notificación do acordo expreso da correspondente xunta electoral ou do seguinte a aquel en que rematou o prazo de resolución de reclamacións segundo o calendario electoral.

3. O escrito de interposición do recurso deberá expresar:

- a) Nome, DNI e domicilio da persoa física ou denominación e enderezo social dos entes asociativos interesados, incluíndo neste último caso o nome do seu representante legal.
- b) Se é o caso, o nome, DNI e enderezo do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- c) Lexitimación para interpoñer o recurso
- d) O acto que se recorre e a razón da súa impugnación. As consideracións de feito e de dereito nas que baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquelas. As pretensións que deduzan de tales consideracións. Lugar, data e sinatura.



## Artigo 20. Calendario electoral

20.1.- Establece el seguinte calendario electoral:

(Día 06-10-14)

Comunicación da convocatoria a clubs e Secretaria Xeral para o Deporte.

(Día 13-10-14)

Convocatoria de eleccións e publicación do regulamento electoral, calendario electoral e censo provisional. Constitución da xunta electoral.

Inicio do prazo para a solicitude do voto por correo.

Inicio do prazo para reclamacións o censo electoral.

Inicio do prazo para a presentación da solicitude para optar por un estamento en caso de estar incluído en mais dunha no censo electoral provisional.

(Día 24-10-14)

Fin do prazo da presentación de reclamacións ao censo electoral e para optar por un estamento no caso de estar incluído en mais dun no censo electoral. Por calquer medio urxente (e-mail, fax, telegrama, correo, etc.)

(Día 29-10-14)

Finaliza o prazo para a resolución por parte da xunta electoral das reclamacións presentadas ao censo electoral.

Publicación definitiva do censo electoral. Iniciase o prazo de presentación de candidatos ou candidatas aos distintos estamentos para ser membros da asemblea xeral.

Realización do sorteo por parte da xunta electoral para a designación da mesa electoral para a elección a membros da asemblea xeral.

(Día 31-10-14)

Finaliza o prazo de presentación de solicitudes para a realización do voto por correo.

(Día 04-11-14)

Finaliza o prazo de presentación de candidaturas a membros da asemblea xeral.

Proclamación provisional de candidaturas á asemblea xeral e publicación das mesmas.

(Día 05-11-14)

Inicio do prazo de presentación de reclamacións á proclamación provisional de candidatos ou candidatas a asemblea xeral.

(Día 06-11-14)

Finaliza o prazo para a presentación de reclamacións á proclamación provisional de candidaturas á asemblea xeral.

(Día 08-11-14)



Finaliza o prazo para a resolución pola xunta electoral, das reclamacións formuladas ás candidaturas provisionais á asemblea xeral. Proclamación definitiva dos candidatos ou candidatas polos distintos estamentos á asemblea xeral e publicación dos mesmos. (Iniciase o prazo de propaganda electoral dos candidatos ou candidatas á asemblea xeral. Optativo)

(Día 11-11-14)

Envío por parte da xunta electoral das papeletas oficiais, así como dos certificados para o voto por correo ás persoas solicitantes. Iniciase o prazo do voto por correo.

(Día 18-11-14)

Finalización da admisión do voto por correo

(Día 25-11-14)

Constitución da mesa electoral. Celebración de eleccións a membros da asemblea xeral por estamentos. (horario para a votación de 9,00 horas a 18,00 horas). Finalización da admisión do voto por correo (18,00 horas). Publicación dos resultados da votación e comunicación dos mesmos á xunta electoral e proclamación provisional dos candidatos ou candidatas elixidos para a asemblea xeral.

(Día 26-11-14)

Inicio do prazo de reclamacións contra os resultados de ditas eleccións.

(Día 27-11-14)

Finaliza o prazo para a presentación de reclamacións contra os resultados das votacións para os membros da asemblea xeral.

(Día 29-11-14)



Finaliza o prazo para a resolución, por parte da xunta electoral das reclamacións ás votacións para membros da asemblea xeral. Proclamación definitiva dos candidatos electos a asemblea xeral.

(Día 01-12-14)


Inicio do prazo de presentación de candidaturas a presidente/a da Federación Galega de Hípica e Comisión Delegada.

(Día 02-12-14)



Finaliza o prazo de presentación de candidaturas para presidente/a da Federación Galega de Hípica e Comisión Delegada.



- (Día 02-12-14)  
Proclamación provisional e publicación das candidaturas para presidente/a ou presidenta e Comisión Delegada da Federación Hípica Galega.
- (Día 03-12-14)  
Inicio do prazo de reclamacións a ditas candidaturas.
- (Día 04-12-14)  
Finaliza o prazo para a presentación de reclamacións as candidaturas provisionais a presidente/a e Comisión Delegada da Federación Galega de Hípica.
- (Día 05-12-14)  
Finaliza o prazo para a resolución das reclamacións as candidaturas a presidente/a ou presidenta da Federación Galega de Hípica.
- (Día 09-12-14)  
Proclamación definitiva dos devanditos candidatos ou candidatas a presidente/a e Comisión Delegada. Publicación dos mesmos. Inicio do prazo de propaganda electoral dos candidatos ou candidatas.
- (Día 16-12-14)  
Constitución Asambela Extraordinaria. Constitución da mesa electoral e proceso de elección de presidente/a da Federación Galega de Hípica, e dos membros da comisión delegada. 17,00 horas. Publicación de resultados e proclamación provisional do candidato ou candidata electa a presidente/a da Federación Galega de Hípica, e membros elexidos para a comisión delegada da asemblea xeral.
- (Día 17-12-14)  
Inicio do prazo de reclamacións ás votacións a presidente/a da Federación e a membros da comisión delegada.
- (Día 18-12-14)  
Finaliza prazo para la presentación de reclamacións a elección de presidente/a da federación e aos membros da comisión delegada da asemblea xeral.
- (Día 20-12-14)  
Finaliza o prazo para a resolución das reclamacións a elección de presidente/a da Federación e a membros da comisión delegada da asemblea xeral. Proclamación do presidente/a electa, así como da comisión delegada. Finaliza o proceso electoral.



## Anexo II. Modelos de sobres e papeletas





XUNTA  
DE GALICIA




DEPORTE  
GALEGO

2014  
**PAPELETA DA VOTACIÓN  
CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE  
ENTIDADES DEPORTIVAS**

Nome completo da Entidade Deportiva candidatos/as a membros da asemblea por este estamento.

- 1.- \_\_\_\_\_
- 2.- \_\_\_\_\_
- 3.- \_\_\_\_\_
- 4.- \_\_\_\_\_
- 5.- \_\_\_\_\_
- 6.- \_\_\_\_\_
- 7.- \_\_\_\_\_
- 8.- \_\_\_\_\_
- 9.- \_\_\_\_\_
- 10.- \_\_\_\_\_
- 11.- \_\_\_\_\_
- 12.- \_\_\_\_\_
- 13.- \_\_\_\_\_
- 14.- \_\_\_\_\_
- 15.- \_\_\_\_\_
- 16.- \_\_\_\_\_
- 17.- \_\_\_\_\_
- 18.- \_\_\_\_\_
- 19.- \_\_\_\_\_
- 20.- \_\_\_\_\_
- 21.- \_\_\_\_\_
- 22.- \_\_\_\_\_
- 23.- \_\_\_\_\_
- 24.- \_\_\_\_\_
- 25.- \_\_\_\_\_
- 26.- \_\_\_\_\_
- 27.- \_\_\_\_\_
- 28.- \_\_\_\_\_
- 29.- \_\_\_\_\_
- 30.- \_\_\_\_\_
- 31.- \_\_\_\_\_





XUNTA  
DE GALICIA




DEPORTE  
GALEGO

**2014**  
**PAPELETA DA VOTACIÓN**  
**CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE**  
**DEPORTISTAS**

Nome completo dos/as deportistas candidatos/as a membros da asemblea por este estamento.

- 1.- \_\_\_\_\_
- 2.- \_\_\_\_\_
- 3.- \_\_\_\_\_
- 4.- \_\_\_\_\_
- 5.- \_\_\_\_\_
- 6.- \_\_\_\_\_
- 7.- \_\_\_\_\_
- 8.- \_\_\_\_\_
- 9.- \_\_\_\_\_
- 10.- \_\_\_\_\_
- 11.- \_\_\_\_\_







XUNTA  
DE GALICIA




DEPORTE  
GALEGO

**2014**  
**PAPELETA DA VOTACIÓN**  
**CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE**  
**ADESTRADORES/AS OU TÉCNICOS**

Nome completo dos/as adestradores/as ou técnicos candidatos/as a membros da  
assemblea por este estamento.

- 1.- \_\_\_\_\_
- 2.- \_\_\_\_\_
- 3.- \_\_\_\_\_
- 4.- \_\_\_\_\_





XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

**2014**  
**PAPELETA DA VOTACIÓN**  
**CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE**  
**XUICES/AS**

Nome completo dos/as xuíces/as candidatos/as a membros da asemblea por este estamento.

- 1.- \_\_\_\_\_
- 2.- \_\_\_\_\_
- 3.- \_\_\_\_\_
- 4.- \_\_\_\_\_
- 5.- \_\_\_\_\_






**2014**  
**PAPELETA DA VOTACIÓN**  
**CANDIDATOS AO ESTAMENTO DE**  
**OUTROS COLECTIVOS**

Nome completo colectivo e dos candidatos/as a membros da Asemblea por este Estamento.

1.- \_\_\_\_\_



MODELO SOBRE:

VOTO PARA OS CANDIDATOS DO ESTAMENTO DE:

---



MODELO SOBRE:

Secretaría Xeral para o Deporte  
Estadio Multiusos de San Lázaro, s/n  
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Eleccións á Asamblea Xeral da Federación Galega de Hípica

